

# **Programacións Didácticas Departamento de Economía**

**Manuel Gómez Rey**

**CURSO 2021-2022**

<b>1.</b>	<b>Introdución e contextualización: I.E.S San Clemente de Santiago.....</b>	<b>3</b>
1.1.	Situación e historia .....	3
1.2.	Oferta docente.....	4
1.3.	Bacharelato a distancia e de adultos: marco legislativo .....	4
1.3.1.	Ensino en xeral .....	4
1.3.2.	Ensino a persoas adultas.....	5
1.3.3.	Ensino de adultos e a distancia .....	6
<b>2.</b>	<b>O novo currículo do bacharelato.....</b>	<b>8</b>
2.1.	Obxectivos da etapa do Bacharelato .....	8
2.2.	Contribución da materia ao desenvolvemento das Competencias Clave.....	9
<b>3.</b>	<b>Programación didáctica da materia de 1º de Bacharelato.....</b>	<b>15</b>
a)	Introdución e contextualización .....	15
b)	Obxectivos da materia de Economía .....	16
c)	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave .....	17
d)	Secuenciación de contidos.....	20
e)	Secuenciación por quincenas (unidades) .....	29
f)	Estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave (Referencia no Decreto 86/2015) .....	33
g)	Materiais e recursos didácticos .....	44
h)	Procedementos de avaliación .....	45
i)	Criterios sobre avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado .....	45
1.	Instrumentos de avaliación .....	45
2.	Actividades de seguimento da materia pendente .....	47
3.	Criterios de promoción .....	47
<b>4.</b>	<b>Programación didáctica da materia de 2º de Bacharelato.....</b>	<b>48</b>
a)	Introdución e contextualización .....	48
b)	Obxectivos da materia de Economía da empresa.....	49
c)	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave .....	50
d)	Secuenciación de contidos.....	53
e)	Secuenciación por quincenas (unidades) .....	64
f)	Estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave (Referencia no Decreto 86/2015) .....	67
g)	Materiais e recursos didácticos .....	78
h)	Procedementos de avaliación .....	80
i)	Criterios sobre avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado .....	80
1.	Instrumentos de avaliación .....	81
2.	Actividades de seguimento da materia pendente .....	82
3.	Criterios de promoción .....	82
<b>5.</b>	<b>Concreción dos temas transversais.....</b>	<b>82</b>
<b>6.</b>	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....</b>	<b>83</b>
<b>7.</b>	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente .....</b>	<b>84</b>
<b>8.</b>	<b>Medidas de atención a diversidade (MAD).....</b>	<b>87</b>
<b>9.</b>	<b>Participación nos plans do centro .....</b>	<b>92</b>
<b>10.</b>	<b>Mecanismos de revisión, avaliación, modificación da programación didáctica en relación aos resultados académicos e procesos de mellora .....</b>	<b>94</b>
11.	Bibliografía empregada para a programación,.....	96

# 1. Introducción e contextualización: I.E.S San Clemente de Santiago

## 1.1. Situación e historia

O IES San Clemente está situado na zona monumental de Santiago de Compostela, próximo á alameda e á catedral, na rúa que leva o seu mesmo nome. O contexto sociocultural é urbano, ademais de caracterizarse especialmente por considerarse cidade de peregrinación, de congresos e de encontro de culturas, designada patrimonio da humanidade pola UNESCO.



A historia deste IES remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá lle doou uns terreos situados no campo de San Clemente ao concello coa finalidade de que, neles, se construíse un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de

edificación, dirixidas polo prelado galego D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades non comezaron ata o ano 1953, data coincidente co momento en que o Papa Pío XII designa Cardeal ao mencionado D. Fernando Quiroga Palacios. Nun primeiro momento, foi sede da antiga Escola de Traballo, que pasou a constituírse como Escola de Mestría Industrial e a continuación Centro de Formación Profesional de II Grao. Non foi ata a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, adquiriu a denominación de instituto de educación secundaria (IES) e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

## 1.2. Oferta docente

Este centro oferta diversas modalidades de docencia:

**Presencial** (diúrna e nocturna):

Ciclo superior de Administracións de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR, de forma modular e plurilingüe); ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web (DAW, de forma modular, dual e plurilingüe); ciclo superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DAM, de forma plurilingüe); e o ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (SMR).



**A distancia:** ESO para alumnado adulto (ESA) na zona de influencia do centro (Santiago e arredores), e Bacharelatos (modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais, e artes). Existe a posibilidade de cursar tamén os ciclos superiores de ASIR, DAM e DAW, así como os ciclo medio SMR (todos en versión modular).

O centro tamén ofrece a posibilidade de matricularse por libre para a obtención dos títulos da ESA, de Bacharelato e de FP.

## 1.3. Bacharelato a distancia e de adultos: marco legislativo

### 1.3.1. Ensino en xeral

O desenvolvemento da programación ten en conta as orientacións do DCB da ESO para a nosa área, publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Decreto 231/2002, DOG nº 135, 15 de xullo de 2002).

Ampárase tamén no establecido na Lei Orgánica 1/1990, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, que determina na sección segunda do seu capítulo III os aspectos básicos da organización do bacharelato, e que son o fundamento dos reais decretos 1700/1991, do 29 de novembro, e 1178/1992, do 2 de outubro, polos que se establecen a estrutura e as ensinanzas mínimas do bacharelato, respectivamente.

O Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia constitúe o desenvolvemento desas normas para a nosa

Comunidade Autónoma. Como consecuencia da publicación do Real decreto 3474/2000, do 29 de decembro, polo que se modifican os reais decretos 1700/1991 e 1178/1992, o Decreto 275/1994 vén ser modificado polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo).

A relación de materias optativas desta etapa, xunto co correspondente currículo, establécense na Orde do 2 de maio de 1996. Así mesmo, a Orde do 1 de marzo de 1995, sobre a avaliación dos alumnos e alumnas que cursan o bacharelato, regula os procedementos para a avaliación, promoción e titulación do alumnado desta etapa educativa. Tendo en conta o regulamentado nas disposicións precedentes, así como a experiencia acumulada nos anteriores períodos de implantación do bacharelato, establecéronse novas medidas de ordenación educativa relativas á súa estrutura, a asignación horaria das súas materias, así como todos aqueles aspectos necesarios para o tránsito adecuado do alumnado cara a estudos universitarios ou de formación profesional específica de grao superior na Orde do 4 de xullo de 2002 (DOG 144 de 26.07.2002) pola que se regula a organización académica do bacharelato na nosa comunidade.

### 1.3.2. Ensino a persoas adultas

A ensinanza básica para persoas adultas está regulada na nosa comunidade desde a orde do 26 de maio de 1997 (DOG 15 de xullo de 1997); os documentos básicos do proceso de avaliación reguláronse na Orde de 15 de abril de 1998 (DOG 4 de xuño de 1998).



A Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos da Comunidade Autónoma de Galicia, define no seu artigo primeiro a educación e promoción de adultos como un conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientado a lles proporcionar a todos os residentes no territorio da comunidade Autónoma Galega que superaron a idade de escolaridade obrigatoria o acceso, de forma gratuíta e permanente, á súa formación persoal, así como a ámbitos de formación ligados a niveis educativos superiores. No seu artigo 16 establece que a educación e promoción de adultos adoptará as seguintes modalidades: **presencial, semipresencial e a distancia.**

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral de  
**Programacións do departamento de Economía "I.E.S San Clemente" Curso 2021-2022**

ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as ensinanzas para as persoas adultas deberán desenvolverse desde a formación inicial ata o acceso á universidade e terán como finalidade a adquisición dunha formación básica que facilite a transición da persoa adulta á vida activa, a promoción laboral, así como a súa orientación e preparación para o acceso aos estudos superiores. No seu artigo 6, ademais, establece que, a través da modalidade a distancia, poderán ofertarse as ensinanzas dos niveis educativos e profesionais que se determinen nas recollidas neste decreto e que non requiran a presenza directa do alumnado.

Por Orde do 14 de abril de 1999 (DOG do 29 de abril), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou as ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, e adaptou para este alumnado o establecido no decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde foi modificada despois pola orde do 17 de xuño de 1999, e máis tarde pola orde de 5 de xullo de 2006. Como consecuencia da modificación introducida polo Real Decreto 3474/2000, do 29 de decembro, o Decreto 275/1994, antes mencionado, foi modificado polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo, corrección de erros no DOG do 5 de novembro).

Por orde do 8 de maio de 2002 (DOG do 4 de xuño), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou a autorización das ensinanzas de educación para persoas adultas, nos réximes presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos (EPA) e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A orde máis recente pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos na nosa comunidade é a de 5 de xullo de 2006, publicada o 26 de xullo de 2006 (DOG 143).

### **1.3.3. Ensino de adultos e a distancia**

En 1982 (Decreto 120/1982 de 5 de outubro), logo da transferencia de competencias en materia de educación á Comunidade Autónoma de Galicia, o antigo Instituto Nacional de Bacharelato a Distancia (INBAD), creado en 1975 e dependente do CIDEAD (Centro para la Innovación y Desarrollo de la Educación a Distancia), pasa a consolidarse como Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (Ingabad).

Coa implantación da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), a Xunta de Galicia decidiu non incluír este sistema de docencia a distancia no programa de implantación da lei, de modo que o Ingabad acabou por se extinguir en 2002. A modalidade a distancia que se orixinou a partir deste momento de maneira xeneralizada en toda Galicia, e que deu resposta ás esixencias da normativa da LOXSE tanto para a ESO como para o BAC, centralizouse en Santiago de Compostela a través do **I.E.S San Clemente** por Orde do 23 de agosto de 2001 (DOG do 13 de setembro).

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, dedica os seus artigos 66 a 70 á educación das persoas adultas. No seu artigo 67.2º prevé que as ensinanzas para as persoas adultas poderán

desenvolverse a través da modalidade de educación a distancia. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo, establece que as ensinanzas para persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses. No artigo 69, dedicado ás ensinanzas postobrigatorias para persoas adultas, establece que as administracións educativas promoverán medidas tendentes a ofrecer a todas as persoas a oportunidade de acceder ás ensinanzas de bacharelato e que adoptarán as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan dunha oferta específica de estudos organizada de acordo coas súas características.

Finalmente, a orde do 26 de abril de 2007 (DOG 88, martes 8.05.07), ordena e regula as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as sucesivas ordes a ter en conta.

De acordo coa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e co **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015), presentamos a programación didáctica de Economía da empresa.

Non obstante, a finalidade da educación de adultos debe transcender do simple carácter compensatorio ou de segunda oportunidade buscando unha visión moito máis ampla que persiga o desenvolvemento dos individuos e dos grupos sociais baseándose na potenciación da igualdade de oportunidades. Debe dar resposta a cuestións sociolóxicas tales como a necesidade de adquisición de coñecementos derivado do crecemento do nivel cultural e da evolución ininterrompida do medio social, que provoca profundos e constantes cambios nos modos de vida, nos costumes e nas formas de organización social, sempre sen esquecerse dos procesos de ensinanza-aprendizaxe necesarios para obter unha titulación ou para resolver unhas necesidades persoais, sociais ou profesionais.

Neste senso, a organización e a metodoloxía da educación de adultos basearase na autoaprendizaxe, en función das experiencias, necesidades e intereses, a través da ensinanza semipresencial ou telemática, servindo de orientación para seleccionar os coñecementos considerados prioritarios na experiencia global e que duren toda a vida para o logro dos catro principios da educación do século XXI que promove a UNESCO: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser.

A educación de adultos posibilitará o logro dos catro principios a través dunha formación básica e de calidade, facilitando o desenvolvemento integral e harmónico da persoa adulta dentro da sociedade e potenciará a formación necesaria para atender o dinamismo dos procesos produtivos e tecnolóxicos, que repercuten no ámbito laboral e profesional, así como as novas especialidades e campos profesionais que emerxen esixindo unha maior cualificación Como consecuencia da implantación da LOMCE. Isto significa que a estrutura das programacións será diferente, mentres na LOE se parte de obxectivos na LOMCE se parte dos estándares de aprendizaxe.

## 2. O novo currículo do bacharelato

### 2.1. Obxectivos da etapa do Bacharelato

No marco da LOMCE, o bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Asimesmo, capacitará ao alumnado para acceder a educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos/as as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.



- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **2.2. Contribución da materia ao desenvolvemento das Competencias Clave**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, segundo as especificacións da lei, son:

Comunicación lingüística: CCL

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: CMCCT

Competencia dixital: CD

Aprender a aprender: CAA

Competencias sociais e cívicas: CSC

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: CSIEE

Conciencia e expresións culturais: CCEC

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</b>	<i>Coidado do ámbito natural e dos seres vivos</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.</li> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	<i>Vida saudable</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.</li> </ul>
<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</b>	<i>A ciencia no día a día</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> <li>- Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.</li> </ul>
	<i>Manexo de elementos matemáticos</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.</li> </ul>

	<i>Razoamento lóxico e resolución de problemas</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</li> <li>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.</li> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>
<b>Comunicación lingüística</b>	<i>Comprensión: oral e escrita</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>
	<i>Expresión: oral e escrita</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>
	<i>Normas de comunicación</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: queda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	<i>Comunicación noutras linguas</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.</li> </ul>

<b>Competencia dixital</b>	<i>Tecnoloxías da información</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>
	<i>Comunicación audiovisual</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>
	<i>Utilización de ferramentas dixitais</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	<i>Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron a crealo.</li> <li>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoale cultural.</li> <li>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul>
	<i>Expresión cultural e artística</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>

<b>Competencias sociais e cívicas</b>	<b><i>Educación cívica e constitucional</i></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>
	<b><i>Relación cos demais</i></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións.</li> </ul>
	<b><i>Compromiso social</i></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>- Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul>
	<b><i>Autonomía persoal</i></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo superando.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>

<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>	<i>Liderado</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.</li> </ul>
	<i>Creatividade</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.</li> </ul>
	<i>Emprendemento</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<b>Aprender a aprender</b>	<i>Perfil de aprendizaxe</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>
	<i>Ferramentas para estimular o pensamento</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos</li> </ul>

	<p><i>Planificación e avaliación da aprendizaxe</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados</li> <li>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>- Tomar conciencia da propia aprendizaxe.</li> </ul>
--	---	---

### 3. Programación didáctica da materia de 1º de Bacharelato

#### a) Introducción e contextualización

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. Estrutúrase en sete bloques: no primeiro abórdase a o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura

dos sistemas económicos; nun segundo bloque ("A actividade produtiva") descríbese a produción como principal actividade económica; no terceiro ("O mercado e o sistema de prezos") repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos; o seguinte bloque ("A macroeconomía") céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo; no quinto ("Aspectos financeiros da economía") faise un repaso da vertente financeira da actividade económica; o sexto ("O contexto internacional da economía") aborda a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización; e, finalmente, no bloque titulado "Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía", reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

## **b) Obxectivos da materia de Economía**

1. Distinguir diversos sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
2. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e o esgotamento de recursos naturais derivados da globalización da actividade económica.
3. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e cultural nos que se desenvolveron. Formular xuízos persoais acerca da conveniencia ou non, da intervención da Administración pública na economía, e as súas posibles consecuencias.
4. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os fenómenos sociais.
5. Facer uso de técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía galega, española, europea e outras zonas do mundo para coñecer a situación económica deses territorios e as perspectivas de futuro.
6. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade, aceptando a discrepancia e os puntos de vista distintos como vía de enriquecemento persoal.



7. Interpretar as mensaxes, datos e información que aparecen nos medios de comunicación sobre desaxustes económicos actuais buscando un contraste sobre as medidas correctoras que se propoñan.
8. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medioambiente e a calidade de vida das persoas. Reflexionar sobre a posibilidade e necesidade de acadar un desenvolvemento sostible.
9. Facer fronte de xeito razoado aos problemas económicos do contorno, facendo uso de procedementos de indagación das ciencias sociais.
10. Coñecer e comprender de forma crítica o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica do país.

### **c) Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave**

No proxecto de Economía para 1º de bacharelato, tal e como suxire a lei, potenciase o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

O resto de competencias tamén están desenvoltas, en maior ou menor grao, nas diferentes unidades.

Ademais, para acadar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, inclúense actividades de aprendizaxe que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Para valoralos concrétanse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño acadado en cada unha delas.

#### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

Os contidos que tratan sobre o estudo da distribución da renda e a medición do grao de desenvolvemento das diferentes zonas xeográficas estimulan a crítica persoal e argumentada cara ás inxustizas provocadas por unha distribución de recursos moi desigual, así, favorécese o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

As actividades consistentes no comentario de noticias e textos, os traballos sobre temas económicos desenvolven tamén esta competencia.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)**

Nesta materia trátase de familiarizar ó alumnado co uso de modelos económicos e a súa representación gráfica polo que traballarán na construción, análise e interpretación de táboas e cadros estatísticos, fórmulas matemáticas, índices, taxas, series, funcións. O emprego de instrumentos matemáticos será moi relevante.

A análise da transformación dos bens e os procesos produtivos que requiren de diferentes fontes de enerxía e xeran residuos, axudará a conformar unha sensibilidade, unha preocupación e unha responsabilidade activa sobre todos os problemas medioambientais.

Tamén se pretende desenvolver nos alumnos unha perspectiva crítica cara ao consumo irracional dos recursos de que dispoñemos e que pode conducir, de continuar a mala xestión, ao seu esgotamento e polo tanto poñer de manifesto a repercusión no mundo físico.

### **Competencia dixital (CD)**

Tratarase de fomentar a capacidade para a comunicación da información empregando recursos tecnolóxicos como son a procura guiada de información na rede, os procesadores de texto, as follas de cálculo, os vídeos, etc.

### **Competencia en aprender a aprender (CAA)**

Na análise da empresa o alumno debe darse conta da importancia de saber xestionar os recursos dos que dispón e planificar os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. Debe xerar estratexias para aprender mediante a observación do seu contorno e nos distintos contextos de aprendizaxe.

Debe desenvolver o pensamento crítico sobre certas prácticas das empresas e saber avaliar o grado de consecución dos obxectivos e volver a replantexalos se estes non estaban correctamente formulados.

O emprego do debate sobre diferentes textos, noticias ou vídeos axuda a conformar un criterio propio e a favorecer esa competencia.

Respecto ao mercado do traballo o alumnado poderá comprobar a necesidade de recorrer á formación permanente como vía de adaptación ás cambiantes esixencias do mesmo. É básico favorecer nos alumnos esta perspectiva da necesidade de aprender.

### **Competencia social e cívica (CSC)**

Nesta competencia ten un papel moi importante esta materia. Moitos dos contidos abordados pretenden desenvolver unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica, expoñendo alternativas á orde económica que os alumnos coñecen e que eles mesmos deberán valorar.

A ela contribúen contidos como o consumo responsable, a sensibilización ante os problemas medioambientais, o debate sobre a escaseza e a desigualdade dende unha perspectiva crítica cara aos aspectos inxustos da realidade económica e que incide especialmente na educación cívica.

Esta competencia tamén se aborda cando se traballa a unidade sobre o sector público na economía, a súa vocación de axuda e de corrector de desigualdades, así como o compromiso de todos os cidadáns co sostemento do aparato estatal como forma de mellorar o benestar de toda a sociedade á marxe de valoracións exclusivamente egoístas.

O papel do empresario, a valoración do papel dos emprendedores e a importancia de que estes adopten comportamentos éticos que teñan en conta o conxunto dos axentes que forman parte do proceso produtivo e do medio empresarial e moi relevante de cara ó desenvolvemento desta competencia.

O coñecemento e a valoración crítica dos diferentes tipos de mercado que se encontran na realidade axudan aos alumnos a conseguir a competencia social e cívica, pois fáiselles coñecedores das estratexias que as empresas utilizan e as condicións que estas poden aproveitar para chegar a resultados de menor benestar para o consumidor, para que, con este coñecemento, os alumnos actúen en consecuencia e, desde un comportamento ético, a súa acción individual favoreza realidades máis xustas e de maior felicidade para a sociedade no seu conxunto.

A unidade adicada ó mercado de traballo contribuirá ó desenvolvemento desta competencia ó poñer de manifesto a preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores, a erradicación da discriminación das mulleres traballadoras ou a necesidade de establecer unhas condicións de traballo seguras e saudables.

### **Competencia en iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

A análise do concepto de empresario pon de manifesto a necesidade dunha sociedade con espírito de emprender cousas novedosas. Tamén se pon de manifesto, na unidade onde se analizan os diferentes sistemas económicos, a importancia para a sociedade de formar empresarios motivados para emprender cousas novas, empresarios capaces de detectar necesidades dos consumidores e poder fabricar produtos que as satisfagan.

A análise do mercado de traballo tamén lles vai permitir reflexionar se queren ser asalariados ou persoas con outras perspectivas laborais, onde vai ser fundamental que teñan iniciativa, a asunción de riscos, a autonomía persoal na toma de decisións, a creatividade, a tenacidade e saber desenvolver a automotivación.

Tamén deberán saber marcarse obxectivos alcanzables e que poidan ser cuantificados, concienciarse da importancia do traballo en equipo e saber xestionalo, saber escoitar outras propostas e ideas e desenvolver habilidades asertivas.

Nos debates e traballos tratarase de fomentar a autonomía e iniciativa á hora de defender as súas ideas e tomar decisións propias.

A análise da información a través da rede ou dos xornais deberá motivalos para reforzar coñecementos e fomentar a iniciativa na aprendizaxe.

### **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Contidos como a globalización, os indicadores económicos ou desenvolvemento e subdesenvolvemento permiten achegar o alumnado as diferentes realidades culturais.

A través da análise de anuncios e diferentes técnicas que usan os creativos das axencias de publicidade, podemos desenvolver a competencia cultural e artística, ao identificar os valores e elementos artísticos que se poñen en xogo, en cada caso, para motivar a compra dos consumidores finais.

#### **d) Secuenciación de contidos**

O desenvolvemento dos contidos no presente proxecto de Economía de 1.º de Bacharelato segue as directrices establecidas na actualidade polas administracións educativas. Os contidos adáptanse ás capacidades dos alumnos que inician esta etapa, e a profundidade coa que se trataron permite desenvolvelos na súa totalidade durante o curso académico.

Os contidos de cada unidade achéganlles aos alumnos os conceptos xerais da Economía e introdúcenos no método a través dos procedementos propostos.

# 1º de bacharelato

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica</b>				
i l	B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	CAA CMCCT
a h i l	B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.	B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	CSC CMCCT CD
			ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.	CSC CD CAA
			ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	CAA CD CSC
i l	B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.	B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	CAA CMCCT
			ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.	CCL CMCCT CD

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 2. A actividade produtiva</b>				
ilmp	B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.	B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	CAA CCL CSC
il	B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.	B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	CSC CMCCT
			ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CCL
ahil m	B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción.	B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	CSIEE CCL
ahim	B2.4. Empresa: obxectivos e funcións.	B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	CSIEE CAA
			ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	CD CCL
ilm	B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.	B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	CD CMCCT

Economía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i l m	B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.	B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a estes conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	CMCCT CD
A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.



A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

## **b) Obxectivos da materia de Economía da empresa**

- Analizar as características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.
- Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
- Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así coma a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais, sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.
- Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ao fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que este xera.
- Identificar os dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores, valorando a necesidade que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado grao de conciliación da vida laboral e familiar. A súa relación cos obxectivos empresariais.
- Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais.
- Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
- Analizar as distintas políticas de márketing que adoptan as empresas segundo os mercados a que se dirixen, valorando os límites éticos que as devanditas políticas deben considerar.
- Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas contas anuais dunha empresa e interpretar a información transmitida.
- Identificar as principais fontes de financiamento das empresas, analizando as diferentes opcións posibles.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e mais outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.

- Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial utilizando para a súa elaboración medios informáticos.
- Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.

### **c) Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave**

No proxecto de Economía da empresa para 2º de bacharelato, tal e como suxire a lei, potenciase o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

O resto de competencias tamén están desenvoltas, en maior ou menor grao, nas diferentes unidades.

Ademais, para acadar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, inclúense actividades de aprendizaxe que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Para valoralos concrétanse os estándares de aprendizaxe avaliábeles, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño acadado en cada unha delas.

#### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

Nesta materia o alumnado iníciase na linguaxe técnica propia do dereito mercantil, aprendizaxe que contribúe significativamente ao desenvolvemento desta competencia. Tamén no temas referentes á función comercial, xa que a empresa busca comunicar de forma persuasiva e buscar o modo de facer chegar mensaxes aos interlocutores e motivalos nunha determinada dirección. Ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e a intención comunicativa é preciso cando se analiza calquera tema de marketing. O a análise dos instrumentos da publicidade e da comunicación vai axudar aos alumnos a desenvolver esta competencia ao ter que analizar o modo en que as empresas se dirixen aos cidadáns, os distintos rexistros que utilizan e as formas de convencer o consumidor para levar a cabo a compra.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)**

Esta competencia se desenvolve en varios temas como na resolución de exercicios de produtividade e de variacións na produtividade, na resolución de problemas propios do financiamento das empresas, ratios económico-financeiros, problemas propios da contabilidade, análise de custos ingresos e beneficios, modelos de xestión de inventarios e criterios de selección de inversións. O

emprego de modelos económicos precisa do desenvolvemento desta competencia para poder comprender e aplicar estes modelos.

Tamén forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións e a valoración como un dos

### **Competencia dixital (CD)**

Esta competencia se desenvolve ao empregar recursos na rede como a prensa ou información de bancos e empresas como fonte de información. Tamén no emprego de procesador de textos, folla de cálculo ou presentacións dixitais para a presentación e tratamento de datos no plan de empresa ou na resolución de exercicios de contabilidade, fichas de almacén ou modelos de selección de inversións.

O emprego de modelos contables requirirá de actividades de conversión dunha linguaxe puramente formal como é a contabilidade, a unha linguaxe natural e comprensiva, en que se deben transformar datos cuantitativos en datos cualitativos polo que se desenvolverá a competencia referente ao tratamento da información e tamén o uso da linguaxe.

### **Competencia en aprender a aprender (CAA)**

Para afrontar esta materia son importantes destrezas tales como a autonomía, a perseveranza, a sistematización, a reflexión crítica e a habilidade para comunicar resultados.

Tamén será fundamental, ao longo de todas as unidades, o desenvolvemento de estratexias e ferramentas como mapas conceptuais, esquemas, cadros comparativos etc., que servirán de base para unha aprendizaxe rigorosa.

Potenciarase a necesidade de traballar e presentar con orde a información, os sistemas de traballo na resolución e interpretación dos datos dos exercicios de cara á comprensión de modelos novos para eles como son os estados económicos, contables ou os plano contables.

### **Competencia social e cívica (CSC)**

A función social da empresa e a responsabilidade do empresario son os primeiros conceptos relacionados con esta competencia que tamén esta presente en temas como o estudo da organización e goberno das sociedades xa que é unha oportunidade para traballar os principios democráticos básicos. Tamén no estudo das empresas de economía social ou de interese social se pon de manifesto a vocación de axuda común que dá orixe a este tipo de organizacións.

Na análise da responsabilidade social e medioambiental das empresas é un tema propicio para que os alumnos manteñan unha actitude crítica ante as situacións en que determinadas empresas xeran custos sociais.

Outros temas relacionados con esta competencia son as estratexias de crecemento por parte das empresas que chegan a dimensión multinacional e movidas unicamente por intereses lucrativos xeran altos custos sociais.

Tamén no eido do marketing, trataremos de que o alumnado distinga entre as actuacións consideradas como de dubidosa ética e moralidade, que teñen como obxectivo enganar o consumidor e outras lícitas, no ámbito da competencia, que nada teñen que ver co engano, a fraude ou a estafa. É importante favorecer que os alumnos sexan conscientes do seu dereito a non ser enganados nin manipulados polos departamentos de marketing das empresas, e informalos dos mecanismos que existen para facer valer os devanditos dereitos dos cidadáns.

### **Competencia en iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

A análise do concepto de empresario pon de manifesto a necesidade dunha sociedade con espírito de emprender cousas novidosas. Tamén se pon de manifesto, na unidade onde se analizan os diferentes sistemas económicos, a importancia para a sociedade de formar empresarios motivados para emprender cousas novas, empresarios capaces de detectar necesidades dos consumidores e poder fabricar produtos que as satisfagan.

A análise do mercado de traballo tamén lles vai permitir reflexionar se queren ser asalariados ou persoas con outras perspectivas laborais, onde vai ser fundamental que teñan iniciativa, a asunción de riscos, a autonomía persoal na toma de decisións, a creatividade, a tenacidade e saber desenvolver a automotivación.

Tamén deberán saber marcarse obxectivos alcanzables e que poidan ser cuantificados, concienciarse da importancia do traballo en equipo e saber xestionalo, saber escoitar outras propostas e ideas e desenvolver habilidades asertivas.

Nos debates e traballos tratarase de fomentar a autonomía e iniciativa á hora de defender as súas ideas e tomar decisións propias.

A análise da información a través da rede ou dos xornais deberá motivalos para reforzar coñecementos e fomentar a iniciativa na aprendizaxe.

Os temas onde se aborda a localización e a dimensión da empresa leva os nosos alumnos o análise das circunstancias sobre as que se fundamentan estas decisións e como se sopesan as consecuencias das mesmas tanto dende o punto de vista económico como medioambiental.

Tamén contribúe a esta competencia o análise do ámbito empresarial e as súa responsabilidade social sobre o medio físico xa que se abordan temas como o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo responsable e a protección da saúde individual e colectiva.

### Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Nos temas comerciais de marketing ponse de manifesto a necesidade de coñecer e comprender as diferentes culturas para poder adaptar os diferentes bens e servizos ofertados polas empresas. Por outra banda, aínda que non sexa de forma moi profunda, a publicidade implica poñer en práctica a creatividade e as capacidades artísticas para deseñar os produtos, os logotipos, os envases, as campañas coa maior beleza posible e deste xeito, favorecer a compra por parte do consumidor.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

#### d) Secuenciación de contidos

A continuación expoñemos un cadro que relaciona obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e contribución ás competencias clave, nos distintos bloques.

#### 2º de bacharelato

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A empresa</b>				
a d i l m	B1.1. A empresa e o/a empresario/a.	B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha das	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	CD CMCCT CSIE
	B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B1.3. Clases de empresas. B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.		EEB1.1.2. Identifica e vabra as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características	

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.	concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	
			EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	CAA CD CMCCT
			EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	CCL CSIEE
a d h i l m p	B1.5. Contorno da empresa. B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. B1.7. Funcionamento e creación de valor.	B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	CD CMCCT CSC CSIEE
			EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	CD CSC CSIEE
			EEB1.2.3. Analiza a actividade	CSC

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	CSIEE
<b>Bloque 2. Desenvolvemento da empresa</b>				
diplomados	<p>B2.1. Localización e dimensión empresarial.</p> <p>B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.</p> <p>B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.</p> <p>B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.</p> <p>B2.5. Intemacionalización, competencia global e tecnoloxía.</p> <p>B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento.</p>	<p>B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.</p>	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	CCL CMCCT
			EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	CD CMCCT CSIEE
			EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	CCL CMCCT CSIEE
			EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	CAA CD CMCCT
			EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	CSC CSIEE
			EEB2.1.6. Describe as	CCL

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	CSC CMCCT
			EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	CD CMCCT CSC
<b>Bloque 3. Organización e dirección da empresa</b>				
diplom	B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.	B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados.	EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	CMCCT CSC
	B3.2. Funcións básicas da dirección.		EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	CCL CMCCT CSIEE
	B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.		EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	CD CMCCT CSIEE
	B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.			
	B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.			
	B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.			



Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	CAA CD CSC CSIEE
			EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	CAA CMCCT CSIEE
			EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	CAA CSC CSIEE
<b>Bloque 4. A función produtiva</b>				
a i l m	B4.1. Produción e proceso produtivo. B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade	B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i.	EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	CD CMCCT CMCCT CSC

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	empresarial.		EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	CAA CMCCT CSC
i l m	B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.	B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.	EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
			EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntalos graficamente.	CD CMCCT
			EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	CD CMCCT
			EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	CMCCT CSIEE
i l m	B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios.	B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	CD CMCCT
			EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes	CD CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
			métodos.		
			EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	CMCCT CS IEE	
<b>Bloque 5. A función comercial da empresa</b>					
d h i l m	B5.1. Departamento comercial da empresa	B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	CSIEE	
	B5.2. Concepto e clases de mercado.		EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	CAA CD CMCCT	
	B5.3. Técnicas de investigación de mercados.		EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	CD CMCCT CSC CSIEE	
	B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.		EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	CCL CMCCT	
	B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.		EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	CD CMCCT	
	B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.		EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	CD CMCCT CSC	
	B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing.				

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	CCL CMCCT
			EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	CD CMCCT CSC
<b>Bloque 6. A información na empresa</b>				
d g h i l m	B6.1. Obrigas contables da empresa.	B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	CMCCT CSIEE
	B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.		EEB6.1.2. Identifica, vabra e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	CMCCT
	B6.3. Resultados da empresa.		EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	CAA
	B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.		EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.	CMCCT
	B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.		EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	CAA CSIEE
	B6.6. Análise e interpretación da información contable.		EEB6.1.6. Recoñece a importancia	CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	CD
			EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	CMCCT CSIEE
			EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	CAA CSIEE
			EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	CD CMCCT
			EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	CD CMCCT CSIEE
a c d h i l m	B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento.	B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas.	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	CMCCT CSIEE
			EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais	CCL CMCCT

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			diferenzas entre eles.	
			EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	CSC
<b>Bloque 7. A función financeira</b>				
d g i l m	B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.	B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada.	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	CD CSIEE CMCCT
	B7.2. Concepto e clases de investimento.		EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	CD CMCCT
	B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.		EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CMCCT
	B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.		EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	CAA CD CMCCT
	B7.5. Ciclos da empresa.		EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade	CAA CMCCT
	B7.6. Período medio de maduración.			

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	CSIEE
			EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	CMCCT CSIEE
			EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	CAA CMCCT
			EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	CD CMCCT
			EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	CCL CMCCT CSIEE
			EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	CMCCT CAA CD

### e) Secuenciación por quincenas (unidades)

As modalidades de ensinanza semipresencial e a distancia do IES SAN CLEMENTE funciona por quincenas, de maneira que catro quincenas constitúen unha avaliación e cada quincena está conformada por unha unidade didáctica:

Nela se indicará o desenvolvemento de cada unidade didáctica.

PRIMEIRA AVALIACIÓN	SEGUNDA AVALIACIÓN	TERCEIRA AVALIACIÓN
Quincena 1: 24/09/21 – 08/10/21	Quincena 5: 27/11/21 – 11/12/21	Quincena 9: 12/02/22 – 26/02/22
Quincena 2: 09/10/21 – 23/10/21	Quincena 6: 12/12/21 – 26/12/21	Quincena 10: 27/02/22 – 13/03/22
Quincena 3: 24/10/21 – 07/11/21	Quincena 7: 07/01/22 – 21/01/22	Quincena 11: 14/03/22 – 28/03/22
Quincena 4: 08/11/21 – 22/11/21	Quincena 8: 22/01/22 – 05/02/22	Quincena 12: 02/04/22 – 16/04/22

**Curso: 2º de bacharelato Materia: Economía da empresa Código: 340**

		Contidos	Referencia no Decreto 86/2015
1ª avaliación	A Empresa	A empresa e o/a empresario/a	B1.1
		Elementos, funcións e obxectivos da empresa.	B1.2.
		Clases de empresas.	B1.3
		Contorno da empresa.	B1.5.
		Responsabilidade social e ambiental da empresa.	B1.6.
		Funcionamento e creación de valor	B1.7
	O desenvolvemento da empresa. A nova economía	Localización e dimensión empresarial.	B2.1
		Estratexias de crecemento interno e externo.	B2.2
		Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.	B2.3
		Importancia das pequenas e medianas empresas (PEME) na economía.	B2.4
		Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.	B2.5
		Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento	B2.6
	Normas mercantís	Marco xurídico da actividade empresarial.	B1.4



		Clases de empresas	B1.3
	A función de aprovisionamento	Os inventarios da empresa e os seus custos.	B4.6
		Modelos de xestión de inventarios.	B4.6

2ª avaliación	Normas laborais e fiscais	A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.	B3.5.
		Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación	B3.6
		Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave da súa estrutura e do seu funcionamento.	B6.7
	A función de produción	Produción e proceso produtivo.	B4.1
		Función de produción. Produtividade e eficiencia	B4.2
		Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial.	B4.3
		Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.	B4.4
		Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.	B4.5
	Introdución á función financeira	Estrutura económica e financeira da empresa.	B7.1
		Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento	B7.4
	O investimento da empresa	Concepto e clases de investimento	B7.2
		Valoración e selección de proxectos de investimento.	B7.3
		Ciclos da empresa.	B7.5

		Período medio de maduración	B7.6
--	--	-----------------------------	------

3ª avaliación	Os estados financeiros da empresa	Obrigas contables da empresa	B6.1
		A composición do patrimonio e a súa valoración	B6.2
		Resultados da empresa.	B6.3
		As contas anuais e a imaxe fiel.	B6.4
		Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.	B6.5
	A análise da información contable	Análise e interpretación da información contable.	B6.6
	A función comercial da empresa	Departamento comercial da empresa	B5.1
		Concepto e clases de mercado.	B5.2
		Técnicas de investigación de mercados.	B5.3
		Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.	B5.4
		Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.	B5.5
		Estratexias de márketing e ética empresarial.	B5.6
		Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing.	B5.7
	A organización da empresa	División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual	B3.1
		Funcións básicas da dirección.	B3.2
		Planificación e toma de decisións estratéxicas.	B3.3
		Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura	B3.4

**f) Estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave (Referencia no Decreto 86/2015)**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	competencia clave
<b>Unidade nº 1</b>  A Empresa	<b>PRIMEIRA AVALIACIÓN</b>		
	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	Coñecer e interpretar os distintos elementos da empresa, os seus tipos e funcións e as súas interrelacións, valorando a súa contribución segundo o tipo de empresa.	CD CMCCT CSIE
	EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	Recoñecer os tipos de empresa segundo o tamaño, pequenas, medianas ou grandes, si son do sector primario, secundario ou terciario e tamén si son públicas, privadas ou mixtas.	CD CMCCT
	EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	Interpretar un caso práctico e clasificalo segundo a natureza, dimensión, e o nivel tecnolóxico	CAA CD CMCCT
	EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	Recoñecer os elementos da empresa en función dos factores humanos, materiais, de organización, do contorno e segundo os seus obxectivos	CCL CSIEE
	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	Recoñecer o contorno xeral da empresa, os factores económicos, políticos, tecnolóxicos e sociais  Recoñecer o contorno específico ou próximo da empresa	CD CMCCT CSC CSIEE
	EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	Definición de empresario, e saber as diferentes concepcións do termo empresario, no pensamento económico clásico, o empresario risco, o empresario innovador, e o empresario tecnoestructura	CD CSC CSIEE

<b>Unidade nº 2</b>  O desenvolvemento da empresa. A nova economía	EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	Saber a definición de empresa e o significado de valor engadido, e distinguir a empresa como axente económico, a súas funcións na economía de mercado	CSC CSIEE
	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	interpreta a definición de localización da empresa e factores ou criterios que inciden na localización das distintas instalacións da empresa.	CCL CMCCT
	EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos como é a diversificación e a concentración	CD CMCCT CSIEE
	EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación dentro do crecemento interno da empresa	CCL CMCCT CSIEE
	EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos como é a integración, citando e recoñecendo os distintos tipos de concentración.	CAA CD CMCCT
	EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	Citar as vantaxes e os inconvenientes da pequena e mediana empresa	CSC CSIEE
EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	CCL CSC CMCCT	

	EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relación coa capacidade para competir de xeito global.	Citar as 5 forzas competitivas de Porter Describir a globalización económica Relacionar a nova economía coa organización da empresa Interpretar e describir en que consiste o comercio electrónico e a banca electrónica	CD CMCCT CSC
<b>Unidade n° 3</b>	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	Definir o concepto de dereito Mercantil, Citar as formas xurídicas da empresa.	CD CMCCT CSIE
Normas mercantís	EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	Recoñecer os distintos tipos de sociedade segundo as súas características. Interpretar un suposto práctico, recoñecendo os distintos tipos de sociedade	CD CMCCT
<b>Unidade n° 4</b>	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario, de adquisición, de xestión do pedido ou de renovación, de almacenamento de ruptura ou rotura de stocks Recoñecer os conceptos de pedido óptimo, stock de seguridade, stock mínimo, nivel máximo de stocks, punto de pedido	CD CMCCT
A función de aprovisionamento	EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	Interpretar e diferenciar os métodos FIFO/PMP para a valoración das existencias. Diferenzas entre ámbolos os métodos	CD CMCCT
	EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	Interpretar os distintos modelos de xestión de inventarios, método Wilson, modelo ABC, o sistema just-in-time	CMCCT CSIEE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	competencia clave
<b>SEGUNDA AVALIACIÓN</b>			
<b>Unidade nº 5</b>  Normas laborais e fiscais	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade	Saber distinguir e a súa utilización dos distintos tributos, taxas, contribucións especiais Os impostos, elementos , tipos e ámbito de xestión Saber os distintos tipos de impostos Saber e interpretar a fiscalidade na empresa Saber os distintos dereitos e obrigas dos/as traballadores e traballadoras Saber os distintos contratos de traballo Saber as distintas causas de suspensión e extinción do contrato de traballo Identificar a composición do salario Saber e interpretar a xornada laboral e a súa definición Interpretar e aplicar a negociación colectiva e saber e identificar os convenios colectivos Obrigas dos empresarios e dos traballadores	CMCCT CSIEE
<b>Unidade nº 6</b>  A función de produción	EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos Coñecer os distintos tipos de procesos productivos	CD CMCCT
	EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	Definir a produtividade, a produtividade do traballo e do capital, e saber calcular a súa taxa de variación porcentual	CMCCT CSC

	EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	Definición de tecnoloxía Saber a eficiencia técnica e económica Coñecer as formas de adquisición de tecnoloxía	CAA CMCCT CSC
	EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	Diferenciar o pagamento, gasto e custo Clasificar os distintos tipos de custos e a súa representación gráfica	CD CMCCT
	EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	Saber calcular o punto morto o limiar de rendibilidade, e a súa gráfica	CD CMCCT
	EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	Saber o método PERT-CPM, a gráfica GANT Coñecer a calidade da produción	CMCCT CSIEE
<b>Unidade nº 7</b>  Introdución a función financeira	EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	Definición de información financeira da empresa Define e distingue a estrutura económica da empresa, o activo corrente e non corrente, Saber distinguir o curto e o longo prazo	CCL CMCCT
	EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	Identificar as fontes de financiamento externo da empresa, as aportacións dos socios e o financiamento alleo Saber os distintas débedas de funcionamento e de financiamento	CAA CMCCT CSIEE
	EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	Identificar os recursos financeiros da empresa, os recursos propios e os recursos alleos Identificar e coñecer o autofinanciamento interno da empresa Saber os distintas débedas de funcionamento (provedores, letras e cambio, préstamos, créditos) e de financiamento (leasing, empréstitos, préstamos bancarios..)	CMCCT CSIEE

<b>Unidade nº 8</b>  O investimento da empresa	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	Recoñece a toma de decisións financeiras, distinguindo a rendabilidade, o risco, o momento Saber os distintos tipos de investimentos da empresa Coñece e distingue os distintos métodos de selección de investimentos, distinguindo os seus elementos Coñecer e saber interpretar os método do prazo de recuperación ou pay-back (Estático) Coñecer e saber interpretar os método do método do valor actual neto (VAN) (dinámico) Coñecer e saber interpretar o método da taxa interna de rendemento (TIR)	CD CSIEE CMCCT
	EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	Interpretar os método do prazo de recuperación ou pay-back (Estático) Interpretar o método do valor actual neto (VAN) (dinámico) Interpretar o método da taxa interna de rendemento (TIR)	CD CMCCT
	EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CMCCT
	EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización	CAA CD CMCCT
	EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	Saber realizar exercicios dos distintos métodos de valoración de investimentos	CD CMCCT



	EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases Distinguir e diferenciar o ciclo longo da empresa e o ciclo curto	CCL CMCCT CSIEE
	EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	Definir o período medio de maduración e o seu cálculo Análise das distintas fases integrantes do período medio de maduración Definir o período de maduración financeiro e a súa interpretación	CMCCT CAA CD

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	competencia clave
<b>TERCEIRA AVALIACIÓN</b>			
<b>Unidade nº 9</b>  Os estados financeiros da empresa	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	Definir a contabilidade, os seus requisitos e os seus obxectivos Definir, saber e distinguir o patrimonio da empresa, os seus elementos patrimoniais Saber que o plan xeral de contabilidade Identificar as distintas contas anuais oficiais Saber elaborar o balance de situación dunha empresa segundo o PGC	CMCCT CSIEE
	EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	Identificar, e clasificar os distintos elementos patrimoniais Saber e relacionar as distintas masas patrimoniais	CMCCT
	EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	Saber recoñecer e relacionar o activo da empresa co pasivo da mesma Distinguir as diferentes contas de activo e da pasivo	CAA

	EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	Coñecer e saber elaborar e interpretar a conta de resultados da empresa, o resultado antes de impostos e o resultado do exercicio, descompoñendo o resultado de explotación e o financeiro	CD CMCCT
	EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa, distinguindo os gastos e os ingresos de explotación e os financeiros  Interpretar os distintos tributos e as súas clases, taxas, contribucións especiais, impostos e as súas clases  Coñecer e explicar los impuestos directos e indirectos e a súa relación coa sociedade	CD CMCCT CSIEE
<b>Unidade nº 10</b>  A análise da información contable	EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	Saber os distintos tipos de análises contables e a súa interpretación	CAA
	EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.	Identificar e interpretar o análises patrimonial, distinguindo o estático e dinámico  Saber os distintos rateos financeiros.	CMCCT
	EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	Saber interpretar e elaborar o fondo de manobra,  Definir o fondo de manobra e interpretar o seu resultado positivo e negativo  Saber as diferentes situacións e posicións financeiras da empresa e o porqué se producen	CAA CSIEE
	EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	Saber identificar as distintas técnicas de análises económico, mediante a utilización dos porcentaxes, cálculo das variacións, representacións gráficas	CMCCT CD
	EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	Analizar a rendabilidades, es os distintos tipos económica, financeira, e o seu uso e utilización  Estudio e interpretación do apalancamento e endebedamento da empresa	CMCCT CSIEE

	EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	Saber identificar as distintas técnicas de análises económico, mediante a utilización dos porcentaxes, cálculo das variacións, representacións gráficas para a toma de decisións	CAA CSIEE
<b>Unidade n° 11</b>  A función comercial da empresa	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	Saber e identificar o departamento comercial e as súas funcións máis importantes Definición de mercado, distinguir e saber os tipos de mercado Definir e relacionar a demanda total e a cuota de mercado Identificar as variables que forman o marketing	CSIEE
	EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	Identificar as fases do estudio do mercado Definición de marketing Saber os diferentes elementos do marketing Definir o prezo e os obxectivos da política de fixación dos prezos	CAA CD CMCCT
	EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	Definir o produtos Definir a marca e tipos de marca, identificar o nome e logotipo Saber e relacionar o ciclo de vida de un produto e a súas etapas Relacionar a estratexia de distribución e uso de canles de distribución	CD CMCCT CSC CSIEE
	EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	Comprende e explica as fases de investigación de mercados Explica e enumera as distintas etapas da investigación de mercados	CCL CMCCT
	EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	Definir a segmentación de mercados e saber e relacionar os criterios de segmentación de mercados Definir o posicionamento do produto e as estratexias de posicionamento Definir a promoción e identificar as súas ferramentas Definir a publicidade e relacionar os distintos tipos	CD CMCCT

		Definir a promoción de vendas Identificar a venta persoal, as relacións públicas Identificar e definir a publicity, o merchandising Definir a distribución e tipos	
	EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	Desenvolver un cal de distribución, directo, alleo Relacionar a estratexia de distribución e uso de canles de distribución Saber elaborar un plan de marketing	CD CMCCT CSC
	EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	CCL CMCCT
	EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	Definir o comercio electrónico Relacionar o marketing e as redes sociais, para abastecer a demanda dos consumidores, saber relacionar o uso do comercio electrónico	CD CMCCT CSC
<b>Unidade n° 12</b>  A organización da	EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	Saber a definición da división do traballo Identificar o proceso de administración, e saber o seu concepto e as súas fases	CMCCT CSC
	EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa Saber o concepto de organización informal	CCL CMCCT CSIEE
	EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	Saber e identificar a función de planificación Clasificación dos plans segundo o seu alcance e amplitude, o seu ámbito temporal, e segundo a súa temporalidade Saber e identificar a función de organización, e a organización do traballo, a división do traballo, a organización formal	CD CMCCT CSIEE

empresa		<p>Saber e definir a organización formal, a estrutura organizativa e os distintos modelos da estrutura organizativa</p> <p>Saber a función de xestión e dirección, as funcións do directivo, a toma de decisións, e as distintas formas como a matriz de decisión e os criterios da mesma</p> <p>Saber o concepto de función de control</p>	
	<p>EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.</p>	<p>Identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora mediante:</p> <p>Saber facer e prantexar un organigrama e a definición e clasificación dos mesmos</p>	<p>CAA</p> <p>CD</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>

## **g) Materiais e recursos didácticos**

Esta modalidade de ensinanza dispoñemos dunha Plataforma Virtual a disposición permanente do alumnado con:

### **Materiais curriculares para o profesorado**

- Currículos establecidos para a materia de Economía da empresa na comunidade autónoma de Galicia
- Guía didáctica do libro de texto do alumnado.
- Outros materiais didácticos dos que dispón o Departamento.
- **Guía do alumno** para 2º de Economía da empresa de Bacharelato.

### **Materiais didácticos**

- Documentos guía como apuntamentos das unidades didácticas.
- Actividades de repaso, apoio, envío ao titor, cuestionarios e resumos
- Foros de discusión e debate
- Atención web
- Vídeos de titorais presenciais, titorais, divulgativos, animacións e presentacións powerpoint das unidades
- Apoio presencial, telefónico e multimedia
- Biblioteca do centro con todo tipo de material bibliográfico e servizo de préstamo

A metodoloxía é a forma concreta na que se organizan, regulan e relaciónanse entre si os diversos compoñentes que interveñen no proceso de aprendizaxe: obxectivos, contidos, actividades, avaliación, recursos e medios didácticos; e, especialmente, alumnado, profesorado e comunidade educativa.

A metodoloxía didáctica do Bacharelato favorecerá a capacidade do alumno para aprender en por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación. Concederáse importancia á relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

A materia de Economía artículase ao redor de tres eixos organizativos relativos a: métodos de investigación social, identificación de problemas e formulación de hipótese e procura, recollida e tratamento da información, os procedementos explicativos, e ás técnicas de comunicación.

## **Propóñense unhas *estratexias metodolóxicas* básicas para a materia de Economía de 1º de bacharelato e Economía da empresa de 2º de bacharelato**

- Que partan de problemas ou de cuestións próximas á contorna e que sexan motivadoras.
- Que teñan potencialidade para desencadear procesos de aprendizaxe significativa.
- Que teñan en conta os esquemas de pensamento e as concepcións dos alumnos e alumnas, favorecendo o traballo dos mesmos e a súa autonomía na aprendizaxe.
- Que propicien a indagación, baseándose na recollida e análise de información de distintas fontes en relación co tema tratado.
- Que desemboquen na obtención dalgunhas conclusións relevantes en relación co problema traballado e na súa comunicación ordenada e clara.
- Que favorezan o traballo cooperativo, o intercambio entre iguais e a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe, o que supón fomentar o traballo en equipo como forma de relación laboral relacionada coa súa futura incorporación ao mercado laboral.

Nestas materias, especialmente, hai que proporcionar ao alumnado un contacto coa diversidade de enfoques, escolas e tratamentos da ciencia económica e presentar a achega doutras ciencias sociais.

Hai que proporcionar un conxunto de termos e esquemas conceptuais para abordar os problemas económicos, seleccionando a información relevante, trata-la, ordenala e valorala. Por outra banda, a economía desempeña un papel importante na configuración de valores e actitudes, con clara influencia nos individuos e grupos, adquiren especial importancia a actitude crítica ante as inxustizas e desigualdades económicas, a importancia da conservación do medio natural para mellorar a calidade de vida, o rexeitamento do consumo. Tamén hai que considerar a incorporación da muller ao traballo, ocupando un espazo na sociedade contemporánea e no mundo laboral.

Hai que destacar a posibilidade que estas materias ofrecen para o tratamento dos temas transversais para as dúas materias, tanto de Economía como Economía da Empresa.

***Metodoloxía cooperativa.*** É aquela en a que o traballo se realiza en común por un grupo de alumnos, de forma que as tarefas desenvólvense en equipo e o resultado e aprendizaxe final de cada un depende tanto do seu traballo como do labor do resto dos membros do equipo.

### **En canto a recursos e actividades concretas temos previstas as seguintes:**

- Con cada unidade didáctica o alumno ten a súa disposición na aula virtual, estes contidos.
- Axenda do alumno: onde marcamos o traballo a desenvolver durante a unidade didáctica.
- Obxectivos da Unidade Didáctica: que obxectivos nos marcamos para cada unidade.
- Documento descargable: os contidos da unidade didáctica a desenvolver.

- Exercicios autoavaliables, Exercicios que o alumnado descarga, imprime, realiza e comproba a solución. Entréganse ao alumno en formato PDF, e disporán de enunciado, resposta e procedemento para alcanzar a solución.
- Exercicio autoavaliable interactivo: Exercicios que o alumnado, interactuando cun computador, desenvolve o contido do exercicio.
- Exercicios de enviar ao titor: Exercicios que o alumnado deberá entregar ao profesor titor. Reservamos para este apartado os exercicios que serán revisados, corrixidos e reenviados por o profesor titor ao alumno
- Exercicios de apoio, Exercicios de apoio ou reforzo que se seleccionarán para a súa entrega ao alumno segundo resolva o test de cada secuencia.
- FAQ: preguntas mais frecuentes ou contidos mais importantes da unidade didáctica.
- Cuestionarios: Os cuestionarios permiten ao alumnado coñecer o grao de consecución dos obxectivos educativos da sección. Segundo sexa o seu resultado afrontará a realización dos exercicios de apoio.
- Resumo da unidade didáctica.

## **h) Procedementos de avaliación:**

Proba escrita trimestral e proba de recuperación, con data posterior á proba escrita.

## **i) Criterios sobre avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**

Na programación, debe fixarse como se vai avaliar o alumnado; é dicir, o tipo de instrumentos de avaliación que se van utilizar. Os sistemas de avaliación son múltiples, pero en calquera caso, nos instrumentos que se deseñen, deberán estar presentes as actividades seguintes:

- **Actividades de tipo conceptual.** Nelas os alumnos irán substituíndo de forma progresiva as súas ideas previas polas desenvolvidas na clase.
- **Actividades que resalten os aspectos de tipo metodolóxico.** Por exemplo, deseños experimentais, análise de resultados, formulacións cualitativas, resolución de problemas, etc.
- **Actividades onde se resalte a conexión entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente.** Por exemplo, aquelas que xorden da aplicación á vida cotiá dos contidos desenvolvidos na clase.

En canto ao «formato» das actividades, pódense utilizar as seguintes:

- Actividades de composición.
- Probas obxectivas tipo test.
- Probas obxectivas escritas: cuestións nas que hai que xustificar as respostas ou/e resolución de exercicios e problemas.
- Interpretación de gráficos, debuxos, esquemas...



## 1. Instrumentos de avaliación

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e do Bacharelato.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza.

### **Instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e promoción**

Para a avaliación dos alumnos realizarase unha proba obxectiva (exame) por avaliación. Cada unha delas constará de cinco ou seis preguntas de resposta curta, relativas aos contidos teóricos ou prácticos da materia e de dous exercicios prácticos.

As cuestións terán análogo nivel de dificultade que as propostas na guía o as que poida propoñer o profesor-titor.

### **Probas trimestrais:**

De modo xeral, pero sometidos a posibles modificación, que serían oportunamente comunicadas, as probas obxectivas trimestrais constarán de preguntas curtas: relativas aos contidos da materia, puntuando un máximo de 5 puntos. Xunto coas preguntas teóricas, haberá exercicios prácticos que puntuarán un máximo de 5 puntos.

Realizarase os exames de “pendentes” de acordo co calendario do Centro.

### **Cualificación final de maio:**

O alumnado que supere todas as probas parciais cunha nota de 5 (cinco) ou nota superior, terá superada a materia de Economía. Agora ben, a nota dunha avaliación (sempre que se obteña un mínimo de 4 puntos) poderá compensarse coa nota doutra avaliación, co fin de obter ao final de curso, unha puntuación total mínima de 15 puntos. Neste caso, o alumnado tamén terá superada a materia, non precisando desenvolver a proba final en Xuño.

Se o alumno ten menos de 15 puntos, terá que desenvolver a proba de avaliación final do mes de xuño. Nesta proba final, aquel, examínase daquelas avaliacións con nota inferior a 5. No caso de que non se superara esa nota en ningunha avaliación, examínase de toda a materia, debendo contestar a unha selección de preguntas escollidas polo profesor; neste caso deberá obter un mínimo de 5 puntos para aprobar. O alumno/a que non se presentase a algunha avaliación ou teña unha nota inferior a 5 puntos (salvo no caso visto dunha avaliación compensable cun 4, terá que ir ao exame final), deberá ir ao exame final de Xuño con esa avaliación, aínda que teña as demais aprobadas.

### **Cualificación Examen Extraordinario de Xuño:**

O alumnado que non superou a materia no mes de maio terá unha avaliación extraordinaria no mes de xuño. Aquel alumnado que na avaliación de xuño obteña unha puntuación de 5 ou superior, terá superada a materia de Economía da Empresa. Solo se cualificará esta proba mediante o exame escrito.

Exercicios para enviar ao titor:

Os exercicios de envío ao titor son totalmente voluntarios, o profesor logo de observar o traballo contínuo dun alumno no envío dos exercicios, participación no foro, enviando correos con dúbidas...etc...poderá telos en conta como axuda para acadar a cualificación final cando se estea en dúbida respecto á nota (poderán contar ata 0,5 puntos) e en ningún caso o non envío dos exercicios poderá ser penalizado.

Pasadas unhas datas, do envío da tarefa o titor fará pública na páxina web a resolución dos problemas e o alumno comprobará si a súa resolución coincide ca que propón o titor como solución.

Para cada avaliación farase pública unha nota específica e moi concreta.

### **Criterios de Promoción**

Por acordo do Departamento, para superar a materia por avaliacións o alumnado terá que obter 15 puntos sumando as notas obtidas en cada avaliación.

**Como propostas de mellora** recomendamos un seguimento máis amplo da Aula Virtual, así como participación en foros relacionados coa materia e lectura das obras obrigatorias e a asistencia á recuperación final coa avaliación /s non aprobadas power point das unidades

- Apoio presencial, telefónico ou multimedia
- Biblioteca do centro con todo tipo de material bibliográfico e servizo de préstamo.

## **5. Concreción dos temas transversais**

Os temas transversais que a Lei establece, Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación

sexual, Educación vial e a Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

Por elo, o Currículo, que debe dar resposta ó que e como ensinar, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, travésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais e abarcan os seguintes campos: *educación para a saúde e calidade de vida, educación ambiental, educación cívica e para a paz, educación do consumidor, educación para a igualdade entre os sexos, para a comprensión e expresión oral escrita, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación. A elas incorporamos a cultura galega.*

A materia de Economía promoverá a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero e contra persoas con discapacidade nos contidos do mercado laboral (contratos de traballo e de mobilidade laboral onde se teñen en conta ditas circunstancias).

Para traballar a comprensión lectora e escrita usaremos como recurso artigos de prensa que se lle facilitan ao alumno como actividade de reforzo de contidos.

Os contidos sexistas se tratan a través de anuncios publicitarios considerados como tales.

O espírito emprendedor fomentarse con diversos contidos cando analicemos as funcións do empresario e a necesidade social de formar empresarios que leven a cabo actividades económicas innovadoras.

Fomentar el ámbito de la educación vial y la seguridade vial como un custo social moi importante que debe de evitarse

## **6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Pola casuística da educación a distancia, consideramos irrelevante facer una separación entre o alumnado con materias pendentes e o alumnado ordinario. Polo tanto, este alumnado será avaliado de igual forma que o alumnado ordinario, podendo presentarse as probas ordinarias indicadas conanterioridade para superar satisfactoriamente a materia.

## 7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

A continuación inclúense as accións, indicadores de autoavaliación e propostas de mellora do protocolo de autoavaliación e mellora:

<b>ACCIÓN</b>
Recollida da información solicitada nos indicadores de autoavaliación indicados neste protocolo.
Redacción dun informe de recollida e valoración dos resultados.
Establecemento dun acordo unificado de mellora en función dos resultados obtidos.
Os acordos de mellora consensuados incorporaranse á memoria final do Departamento e teranse en conta na redacción da programación didáctica do curso seguinte.

### Indicadores de autoavaliación

<b>FASE</b>	<b>INDICADORES DE AUTOAVALIACIÓN NO ENSINO A DISTANCIA</b>	<b>PORCENTAXE</b>
Acollida e integración do alumnado	Porcentaxe de alumnado que participa no foro de presentación da materia	
	Porcentaxe de alumnado cos que o profesor ou profesora estableceu contacto individual nas dúas primeiras semanas de realizar a súa matrícula	
	Porcentaxe de alumnado que contactou co profesor ou profesora nas dúas primeiras semanas de estar matriculado	
Funcionamento da materia e adaptación do alumnado ao contorno educativo	Porcentaxe de alumnado matriculado que se presenta en cada avaliación	
	Porcentaxe de alumnado total que se puxo en contacto co profesor ou profesora algunha vez durante o curso	
	Número de correos enviados ao alumnado de xeito grupal presenta en cada avaliación	
	Número de correos enviados ao alumnado de xeito individual presenta en cada avaliación	
Desenvolvemento do proceso de avaliación	Porcentaxe de aprobados na materia presenta en cada avaliación	

	Variación na porcentaxe de aprobados na materia en relación ao curso anterior	
	Porcentaxe de aprobados na materia en relación á media de aprobados nas materias do mesmo nivel educativo	
	Número de alumnado que solicita revisión de exames	

### **Propostas de mellora para o curso 2021 - 2022**

Primeiramente intentaranse cumprir as propostas incluídas na memoria do curso 2020 – 2021 polo profesor anterior, principalmente o tema referido ás criptomoedas no tema “O diñeiro” de Economía de 1º de Bacharelato, vista a importancia e atención que se lle está prestando actualmente.

Dentro da mellora operacional do curso inclúense as seguintes propostas:

1. Proposta e Desenvolvemento de diversas Estratexias ou acordos pedagóxicos que persigan os seguintes obxectivos:

- Incentivar a participación e seguimento por parte do alumnado da Aula Virtual (AV) a través do visionado dos vídeos, aporte de materiais complementarios, estudo do material didáctico, realización de actividades, etc.
- Incentivar unha maior comunicación alumnado-profesorado na AV que consiga manter o interese e a motivación do alumnado na materia.
- Mellorar o rendemento do alumnado nos exames, e aumentar a porcentaxe de alumnado aprobado.

2. Proposta de Estratexias de mellora.

Estratexias metodolóxicas e didácticas:

- Propoñemos adaptar os contidos para facilitar a comprensión do alumnado de temas gramaticais complexos, ben sexa a través da creación de material didáctico orixinal ou a través dunha mellor produción e realización dos vídeos didácticos.
- Propoñemos traballar na produción de vídeos didácticos que non presenten unha duración excesiva (entre 10 e 15 minutos), para facilitar a comprensión e traballo do alumnado.
- Propoñemos incentivar a participación do alumnado no foro da AV co fin de establecer unha vía de comunicación fluída e efectiva para pulsar o interese do alumnado e conseguir manter a súa motivación ao longo do curso.

Estratexias de mellora de resultados:

- Axudas específicas para a preparación dos exames de Bacharelato: para axudar na preparación do exame de cada Avaliación, o alumnado contará na AV en datas próximas ao exame con exercicios similares resoltos polo profesor para facilitar a realización dos exercicios do examen.

## 8. Medidas de atención a diversidade (MAD)

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo lle ofrezca a cada alumno a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe.

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.

A diversidade humana está presente en todos os colectivos sociais e en particular na comunidade educativa. Nas nosas aulas podemos atopar con alumnos estranxeiros, alumnos o alumnas que proveñan de comunidades desfavorecidas social, cultural e economicamente, outros superdotados intelctualmente, con problemas de aprendizaxe e con discapacidades físicas ou psíquicas. É a nosa obrigaón proporcionar a estes alumnos e alumnas os recursos necesarios para que alcancen os obxectivos establecidos na programación. Nesta programación tívose en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno ou alumna do aula. Para garantir o pleno desenvolvemento das súas capacidades, aparece o que se entende por Atención á diversidade: actuacións educativas que tratan de responder ás distintas capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración e de saúde do alumnado. Baséase no principio de individualización, entendida como apoio prestado a un alumno ou alumna na organización do contido dunha aprendizaxe, nos estímulos a súa motivación, na proposta de elementos correctores e no seguimento dos seus progresos.

A programación debe ter en conta que non todos os alumnos ou alumnas adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos marcados. Por iso deseñase para asegurar un nivel mínimo para todos os alumnos e alumnas ao final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento. Para iso tamén existen actividades complementarias, de autoavaliación e reforzo nas guías de modo que se adapten ás necesidades de todo o alumnado.

a) Medidas para avaliar o tratamento da diversidade individual

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado para acadar os contidos mínimos esixidos.	
DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e próximas á súa realidade.	
DIVERSIDADE NA ADE	Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	



	Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
<b>DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN</b>	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

**b) Medidas para avaliar o tratamento da diversidade no grupo**

<b>TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO</b>		<b>MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE</b>	<b>GRAO DE CONSECUCIÓN</b>
<b>De COMUNICACIÓN</b>	A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	

	A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.	
<b>INTERESE E MOTIVACIÓN</b>	O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desparte do alumnado.	
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.	
<b>ACTITUDE E COLABORACIÓN</b>	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.	

## 9. Participación nos plans do centro.

### Accións de contribución ao Proxecto Lingüístico

Empregarase tanto o galego como o castelán. Os documentos que se porán a disposición do alumnado redactaranse unha veces en castelán e outras en galego.

### Accións de contribución ao Plan Lector

Contéplase de forma implícita no desenvolvemento da materia. O alumno debe consultar diversas fontes bibliográficas e fragmentos de textos económicos que terá que comprender e analizar. O resultado do proceso de aprendizaxe por parte do alumno debe cubrir tres etapas: información, comprensión e memorización e en todas elas se require a lectura de textos xunto con gráficos, mapas, series xa que resulta imposible a retención de contidos sen ler, reler, subliñar, esquematizar e responder, actividades ligadas a lectura.

## **Accións de contribución ao Plan TIC**

O carácter semipresencial do Bacharelato do IES San Clemente esixe un manexo avanzado das novas tecnoloxías, imprescindibles para acadar os obxectivos do Bacharelato. O alumno ten que organizar tódalas actividades de aprendizaxe, agás os que acudan ás clases presenciais, de forma autónoma e personalizada e a maneira de chegar á información, ás orientacións do profesor, ós apuntamentos que colgan na Aula Virtual do IES San Clemente, é mediante o manexo das TIC.

## **Accións de contribución ao Plan de Convivencia**

O carácter semipresencial deste bacharelato condiciona o desenvolvemento deste tipo de actividades dentro do Instituto. O plan de convivencia de acordo co Observatorio de convivencia abarcará varias medidas:

- Estimular a convivencia educativa e social entre iguais.
- Recoñecer a igualdade de sexos e manter unha actitude de non tolerancia diante da violencia de xénero.
- Comprender e axudar ós maiores principalmente ós que teñen algún tipo de eiva.
- Respetar as manifestacións culturais das persoas inmigrantes e procurar que a súa estancia, nesta sociedade, resulte menos traumática.

## **Materiais e recursos didácticos.**

O alumno debe empregar as guías ubicadas na páxina web e os documentos elaborados polo profesorado do Departamento, tanto de contidos como de problemas ou cuestións de natureza práctica.

Procederemos a “reducir” a extensión dos contidos de todo o curso de segundo de Bacharelato e incorporaremos unha serie de documentos con problemas resoltos de moitos dos actuais textos de Bacharelato (é un arquivo fotográfico dos textos en formato PDF) en razón de que moitos dos nosos alumnos son repetidores e teñen algunhos dos referidos textos e tamén porque nos referidos textos temos interesantes exemplos resoltos.

Iniciaremos a redacción de documentos de natureza práctica elaborados fundamentalmente en soporte PDF, aínda que moitos aspectos teóricos no poden

## 10. Mecanismos de revisión, avaliación, modificación da programación didáctica en relación aos resultados académicos e procesos de mellora.

Tradicionalmente só se lle dá importancia á avaliación cualificadora. Sen embargo, dentro do proceso ensino-aprendizaxe, a que realmente é importante, é a educativa, xa que é a que vai regulando e controlando todo o proceso. Debe atender a varios aspectos:

Se a materia está estruturada axeitadamente en cuestións fundamentais e cuestións complementarias, para que as primeiras conformen o bloque de mínimos obrigatorios, e as segundas se adapten máis aos intereses dos alumnos.

- Se a temporalización dos contidos é a correcta, para a boa distribución da materia.
- Se os contidos están debidamente secuenciados, de forma que os novos sexan sempre complemento dos xa adquiridos.

A función cualificadora, aínda que aparentemente é máis puntual, no senso de que avalía o grao de consecución por parte dos alumnos dos obxectivos propostos, no é independente da educativa, senón que esta complementa a aquela facendo que se aplique máis ao que é o proceso.

A avaliación educativa é máis ben a valoración do proceso educativo. A cualificadora é a valoración do grao de aprendizaxe dos alumnos. Neste senso, a primeira condiciona moito á segunda: só coa “validez” do proceso educativo se poderá acceder á “validación” do resultado acadado polos alumnos. A avaliación educativa debe facerse con paciencia, e non tomando decisións drásticas, nin nunha dirección nin noutra.

A observación meticulosa dende o principio do proceso educativo levaranos a subsanar xa sobre a marcha aquelas fallas que se puidesen observar facilmente na práctica. Pero esta valoración do proceso non se debe facer moi á lixeira, e sen experimentalo o suficiente. Hai moitas circunstancias alleas que o poden facer fracasar sendo válido, e tamén viceversa. Só cando se faga unha análise profunda do grao de validez do proceso, da adecuación dos obxectivos aos medios empregados e ao tempo disposto, da dispoñibilidade dos alumnos para os temas tratados, etc., só entón se poderá proceder, tendo moi en conta o anterior, a avaliación cualificadora do alumno. A avaliación tradicional, ao primar a función cualificadora, convertíase nunha finalidade da ensinanza; entendida destoutro xeito, é un recurso máis de mellora do proceso. Outra falla na avaliación cualificadora tradicional era o seu baseamento, case exclusivo, no resultado final, isto é, no grao de consecución dos obxectivos propostos para unha unidade nun tempo determinado. Sen embargo, previamente, é preciso dar dous pasos máis. Ao principio de cada unidade didáctica hai que facer unha avaliación inicial para fixar un punto de partida, que o marca cada alumno, e un tope, que o marca a propia

unidade, pero tendo en conta o nivel xeral dos alumnos; para levar a cabo esta avaliación, ademais dos típicos cuestionarios, primeiras tarefas dos alumnos, etc., pódese recorrer á expedientes académicos dos alumnos, informes doutros profesores, resultados de avaliacións anteriores, etc. Esta avaliación será máis sinxela a medida que avancemos en unidades, e vai máis ben dirixida aos contidos conceptuais, pero tamén servirán para marcarmos os obxectivos da presente unidade.

Un segundo paso é a avaliación formativa ou procesual, isto é, a que se fai durante o proceso de aprendizaxe, observando e controlando tódalas actividades que diariamente se fan na clase (orais ou escritas, individuais ou en grupo, etc.), así como a predisposición e a actitude dos alumnos. Esta avaliación vai máis encamiñada a controlar os contidos procedimentais e a metodoloxía. E finalmente, virá a avaliación terminal ou final, que tratará de comprobar o nivel de consecución dos obxectivos da unidade por parte dos alumnos, tendo en conta o punto de partida (avaliación inicial) e as aprendizaxes realizadas (avaliación procesual). Está máis dirixida, entón, aos obxectivos, tanto os conceptuais como os actitudinais. Esta avaliación descrita para unha unidade didáctica aplícase o mesmo a un curso, a un ciclo, ou incluso a unha etapa.

<b>ASPECTOS A AVALIAR</b>	<b>A DESTACAR</b>	<b>A MELLORAR</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL</b>
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Realización de tarefas			
Estratexias Metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Outros aspectos			

Finalmente, redactarase unha Memoria final que reflecta as conclusións obtidas e que serán consideradas na proposta de mellora da Programación Didáctica do curso seguinte.

## 11. Bibliografía empregada para a programación,

### **Economía 1º**

Cabrera Bautista, Andrés. Economía. Editorial -SM. Madrid, 2015.

Penaloga Sweers, Anxo, Economía, Editorial McGraw Hill, 2015.

Economía, José Sande:

<http://www.librosdetextogratis.com/spa/manuales.php?id=5&tit=Econom%EDa%201%BA%20Bachillerato&var1=MTM0MDk4MDU2M19aVkFuLnBkZg==>

Pérez César, Alberto, Economía, Editorial Galinova, 2019

### **Economía de la empresa:**

Cabrera Bautista, Andrés. Economía de la Empresa. Editorial -SM. Madrid, 2015.

Alfaro Gimenez, Josep, e outros. Economía de la Empresa. Editorial McGraw Hill, 2015

Economía de la Empresa, José Sande:

[http://www.librosdetextogratis.com/fotos/1465561912\\_Okkl.pdf](http://www.librosdetextogratis.com/fotos/1465561912_Okkl.pdf)

Pérez César, Alberto, Economía de la Empresa, Editorial Galinova, 2019

### ***Outros recursos.***

- Prieto Puga, Rafael. Economía da empresa. Baía Edicións. A Coruña, 2009.

- VV.AA. Economía e Organización de Empresas. Exercicios prácticos. Baía Edicións, 2007

- De Paz Cobo, Sonia e outros. Economía de la Empresa. Ed. La casa del saber Santillana. 2009

### ***Recursos na web:***

E-BOOKS:

**ECONOMÍA Y ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS. 2º DE BACHILLERATO.**

<http://www.educarm.es/templates/portal/images/ficheros/etapasEducativas/secundaria/16/secciones/270/ntenidos/11947/econoempres.pdf>

***GUÍA DEL NUEVO PLAN CONTABLE PARA PYME***

<http://www.ipyme.org/NR/rdonlyres/4BB3237E-5DFD-4E6F-9791-B8CBB0A80622/0/PlanContable.pdf>  
NUEVO PLAN GENERAL DE CONTABILIDAD. Guía de bolsillo

**Santiago de Compostela curso 2021-2022**

**Manuel Gómez Rey**